



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Febreiro 2017


Santiago de Compostela, 07 de abril de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en febreiro de 2017 un retroceso do 9,7% con respecto a febreiro de 2016, mentres que a nivel nacional o decrecemento foi do 1,7%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles rexistraron repercusións negativas: os bens de consumo (-0,3 puntos), os bens de equipo (-3,7 puntos), os bens intermedios (-1,5 puntos) e a enerxía (-4,3 puntos).
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “confección de roupa de vestir” (0,6 puntos), á “fabricación de maquinaria e equipamento” (0,4 puntos) e á “industria da madeira e da cortiza” (0,3 puntos).
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” (-4,8 puntos), a “fabricación doutro material de transporte” (-1,6 puntos) e a “fabricación de vehículos de motor” (-1,2 puntos).

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2017



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de febreiro de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do -9,7%, empeorando en 13,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (3,6%). En España rexistrouse un decrecemento do 1,7%, empeorando en 9,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (7,3%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 1,1%, o que resta 0,3 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 15,6%, o que resta 3,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** cae un 5,3% cunha repercusión negativa de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 17,8% e resta 4,3 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2017, por destino económico, os bens de consumo minoran en 9,7 puntos, os bens de equipo empeoran 18,6 puntos, os bens intermedios empeoran 11,3 puntos e a enerxía cae 15,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de febreiro foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 4,8 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,6 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 1,2 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 1,0 puntos.

No que respecta ás repercusións positivas (2,3 puntos) de oito ramas, entre as que destacan a “confección de roupa de vestir” que suma 0,6 puntos, a “fabricación de maquinaria e equipamento” que resta 0,4 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que suma 0,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 6,2% de Extremadura e o -10,8% de La Rioja. Ademais de La Rioja, presentan crecementos interanuais inferiores á media estatal: Comunitat Valenciana (-3,1%), Andalucía (-3,9%), Canarias (-4,3%), Castilla y León (-5,7%) e Galicia (-9,7%).

IPI febreiro 2017 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	87,1	-9,7	-3,3	--	--
Bens de consumo	96,7	-1,1	3,6	-0,3	0,8
Bens de equipo	62,9	-15,6	-7,0	-3,7	-1,6
Bens intermedios	90,5	-5,3	0,1	-1,5	0,0
Enerxía	110,4	-17,8	-10,3	-4,3	-2,6
España					
Xeral	94,4	-1,7	2,6	--	--
Bens de consumo	91,3	-3,8	-0,1	-1,0	0,0
Bens de equipo	104,2	-2,2	1,2	-0,5	0,3
Bens intermedios	95,8	0,4	4,3	0,1	1,4
Enerxía	85,5	-1,6	5,4	-0,3	1,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2017

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-9,7		-3,3		
Confección de roupa de vestir	13,7	0,6	14,1	0,7	5,3
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	27,6	0,4	18,7	0,2	2,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	7,8	0,3	6,6	0,2	3,8
Fabricación de bebidas	4,5	0,2	2,3	0,1	3,6
Industria química	7,2	0,1	9,6	0,2	1,5
Industria téxtil	-11,3	0,0	-11,1	0,0	0,2
Industria do papel	-5,8	-0,1	-2,1	0,0	1,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-3,2	-0,1	-0,9	0,0	3,5
Fabricación de mobles	-11,2	-0,2	-1,4	0,0	1,6
Outras industrias manufactureiras	-31,0	-0,2	-9,9	0,0	0,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-9,7	-0,2	-4,5	-0,1	3,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-4,4	-0,2	-4,0	-0,2	5,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-17,9	-0,2	8,3	0,1	1,2
Outras industrias extractivas	-31,4	-0,3	-19,9	-0,1	1,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-12,7	-0,7	-9,0	-0,4	4,5
Industria da alimentación	-6,7	-0,9	0,4	0,1	12,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-14,7	-1,0	-0,2	0,0	8,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-9,3	-1,2	-0,3	0,0	11,4
Fabricación doutro material de transporte	-44,5	-1,6	-35,5	-1,2	6,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-22,4	-4,8	-15,0	-3,4	14,7
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	94,4	-1,7	2,6
Galicia	87,1	-9,7	-3,3
Andalucía	81,6	-3,9	2,5
Aragón	95,1	0,0	2,7
Asturias	90,0	2,3	7,4
Balears (Illes)	88,1	3,8	6,9
Canarias	84,4	-4,3	0,5
Cantabria	95,4	5,0	10,8
Castilla - La Mancha	84,8	-1,4	1,8
Castilla y León	97,2	-5,7	-0,3
Cataluña	102,5	0,0	3,3
Comunitat Valenciana	104,9	-3,1	1,4
Extremadura	74,8	6,2	15,0
Madrid	89,6	-0,8	2,5
Murcia	83,8	0,8	8,7
Navarra	101,5	2,3	8,2
País Vasco	96,9	-0,1	2,3
Rioja (La)	82,1	-10,8	-2,4

Fonte: INE